

LENDA DAS XACIAS

As xaciasson seres míticos humanizados do medio acuático que están emparentadas coas sereas. Segundo se cría, cativaban ós homes pola súa extraordinaria beleza para con posterioridade causa-la perdición dos que as seguen.

Di a lenda que un home namorouse da beleza dunha xacia e esta díxolle que se a bautizaba converteríase en humana e casaría con el. Tiveron varios fillos e fillas, e a todos lles encantaba bañarse en calquera lugar, acto que unha vez reprochoulle o seu pai dicíndolle "Marchádevos de aquí, fillos dunha xacia!". Isto orixinou unha gran discusión que acabou coa esposa fuxindo da súa casa e retornando ao seu fogar no río, e cando o seu marido foi na súa procura descubriu que os xacios a mataran e descortizaran por bautizarse.



Aparecen nos murais pintados en Pantón e Ribas de Sil. No muro da Praia fluvial de San Clodio de Ribas de Sil, a figura da xacia aparece acompañada por siluetas que representan especies piscícolas da zona, como a troita, a carpa e a perca negra.

Sandro Vázquez López

4º Ed Primaria

LENDA DE SOBRECEDO (TABOADA)

É neste lugar onde os veciños falaban das Cobras que roldaban pola Ribeira Sacra: “as cobras cando son vellas, claro que voaban... E andaban derredor, mordían o rabo, enroscábanse, tirábanse pola ribeira ou polos montes... Eu nunca as vin, sempre se dixo, contan iso...”. Estes seres eran a representación do mal e contábase que chegaban a alcanzar tamaños extraordinarios. Segundo a crenza popular estaban emparentadas cos cantos e as serpes que gardaban tesouros nas covas; eran a representación de moitos dos medos e temores das xentes da zona.



Sandro Vázquez López

4º Ed Primaria

